



CONCELLO DE  
**SANXENXO**

**CLASES PARA ADULTOS**

**CENTRO  
DE ARTE E  
ESCOLA DE  
MUSICA**

Información:

PAZO EMILIA PARDO BAZÁN

Rúa Miraflores, 26A

36960 - SANXENXO

Tlf. 986 72 79 36

[www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)

[centrodearte@sanxenxo.org](mailto:centrodearte@sanxenxo.org)

[lied\\_em@sanxenxo.es](mailto:lied_em@sanxenxo.es)

O Bosco . (detalle) tríptico do xardín das delicias. 1480-1490

CONCELLO DE  
**SAN  
XEN  
XO**

## **CENTRO DE ARTE: TALLER DE ADULTOS**

### **CURSO 2016/17**

O curso dará comezo o **luns 17 de outubro**. Poderás realizar a túa matrícula en calquera momento no Pazo Emilia Pardo Bazán, entregando a folla de inscrición. O prazo permanecerá aberto todo o curso para aquelas persoas que desexen facelo con posterioridade, sempre que haxa posibilidade de espazo.

O Centro de Arte preséntase un ano máis, como *Estudio ou TALLER DE CREACIÓN ARTÍSTICA*, ofrecendo o alumnado adulto gran dispoñibilidade horaria para o seu traballo, podendo acceder libremente o Centro en todas aquelas horas que este permanece aberto:

**HORARIO DE MAÑÁ:** 12.00h / 14.00h. de luns a xoves

**HORARIO DE TARDE:** 19.30h / 21.30h. de luns a xoves

O alumno decidirá o seu horario de asistencia.

O traballo é guiado por dous docentes licenciados en Belas Artes, que alternarán a súa presenza entre a mañá e a tarde, apoiando, motivando e orientando de forma personalizada a labor de cada alumno, que poderá traballar os diferentes procedementos artísticos en función das súas necesidades creativas.

O taller permanecerá aberto en función do calendario escolar. Haberá que ter en conta que as aulas estarán pechadas nos períodos de vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa, así como festivos e pontes marcados no calendario como oficiais.

O Centro de Arte de Sanxenxo, porá máximo coidado nas obra e material que se atopen na aula, pero declina toda responsabilidade por extravíos, danos o calquer outro acto que poida acontecer ao longo do curso ou exhibicións.

**Cota mensual: 28 euros**

O pago farase efectivo por medio de domiciliación bancaria, por meses completos. A non asistencia o taller sen previo aviso, non implica a exención do pago.

Para calquera dúbida ou consulta:

Concellería de Benestar Social, Cultura, Educación e Normalización Lingüística  
Pazo Emilia Pardo Bazán, Trav. Miraflores, 3 – Sanxenxo. Telf. 986 72 79 36  
[www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es) / [www.facebook.com/CentrodeArteSanxenxo](https://www.facebook.com/CentrodeArteSanxenxo)  
Enderezo electrónico: [centrodearte@sanxenxo.es](mailto:centrodearte@sanxenxo.es)



## **MÚSICA PARA ADULTOS**

### **CURSO 2016/17**

A Escola Municipal de Música Lied\_em, ofrece unha formación práctica en música, dirixida aos afeccionados e tamén para aquelas persoas que desexen orientarse cara estudos profesionais. Proponse unha formación musical adaptada e personalizada a cada alumno nas seguintes materias: LINGUAXE MUSICAL E GUITARRA.

O curso comeza o **luns 3 de outubro**.

Poderás realizar a túa matrícula no Pazo Emilia Pardo Bazán, entregando a folla de inscrición. O prazo permanecerá aberto todo o curso para aquelas persoas que desexen facelo con posterioridade, sempre que haxa prazas dispoñibles.

As clases organízanse en función do calendario escolar da Xunta de Galicia, polo que nos períodos de vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa, así como festivos e pontes marcados no calendario como oficiais, non se impartirán clases.

**Cota de inscrición: 25 euros**

**Cota mensual: 40 euros.**

**Horarios: luns e mércores de 20.30 a 22.00h.**

O pago farase efectivo por medio de domiciliación bancaria, por meses completos. A non asistencia a clase sen previo aviso, non implica a exención do pago.

Para calquera dúbida ou consulta:

Concellería de Benestar Social, Cultura, Educación e Normalización Lingüística  
Pazo Emilia Pardo Bazán, Trav. Miraflores, 3 – Sanxenxo. Telf. 986 72 79 36  
educacion@sanxenxo.org / lied\_em@sanxenxo.es

